




XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Secretaría Xeral



Para o seu coñecemento remítolle publicación no DOG da Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se declara de utilidade pública a ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS DA BISBARRA DE MUROS-ADISBISMUR.

De conformidade co establecido no *art. 5 do Real Decreto 1740/2003, de 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e disposición adicional única*, esta asociación queda obrigada a presentar ante o Rexistro provincial de asociacións adscrito ao Departamento territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Coruña, as contas anuais e memoria descritiva das actividades realizadas, dos exercicios económicos seguintes a data de declaración de utilidade pública, no prazo de 6 meses seguintes á finalización dos ditos exercicios.

Infórmolle así mesmo que para os efectos de acollerse ao réxime fiscal especial da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado (B.O.E. de 24 de decembro) deberá cumprir os requisitos enumerados no seu artigo 3. Cabe destacar que entre eles, encóntrase o de destinar a totalidade do seu patrimonio, en caso de disolución, a algunhas das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos desta Lei 49/2002 ou entidades públicas de natureza no fundacional que persigan fins de interese xeral circunstancia que debe estar expresamente contemplada nos estatutos da entidade.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2011

A xefa do servizo de Entidades  
Xurídicas e Corporativas

María Amadora Rodríguez Carreira

Presidente da Asociación de Discapitados da  
Bisbarra de Muros-ADISBISMUR  
A Robaleira s/n Abelleira  
15290 Muros (A Coruña)

asociacións, asigna estas funcións á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecendo que será competente para resolver o procedemento de declaración de utilidade pública a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da instrución do procedemento polo órgano correspondente.

De conformidade cos informes favorables de declaración de utilidade pública, emitidos pola instrutora dos expedientes,

#### RESOLVO:

Declarar de utilidade pública as seguintes asociacións:

-*Asociación Cocina Económica de Ferrol*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña, co número 1996/4176-1ª.

-*Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros-Adisbismur*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña, co número 1982/1192-1ª.

Contra esta orde que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2011.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Corrección de erros.-Resolución do 21 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver proxectos destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.*

Con data do 17 de marzo de 2011 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 54 a Resolución do 21

de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver proxectos destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. Advertido erro nela, cómpre facer a oportuna corrección:

-Na páxina 4.539, no artigo 20º, parágrafo 3, onde di: «.....procederáse de acordo co número 5 deste artigo», debe dicir: «..... procederáse de acordo co número 6 deste artigo».

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Orde do 10 de marzo de 2011 sobre a aprobación definitiva do Plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural de San Salvador dos Penedos do concello de Allariz (Ourense).*

O Concello de Allariz eleva novamente, en solicitude da súa aprobación definitiva, o expediente do PEPRMMR de San Salvador dos Penedos, de conformidade co previsto no artigo 87.3 da LOUG, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

#### I. Antecedentes.

1. Mediante Orde do 24 de maio de 2010 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou, de conformidade co artigo 85.5.b) da LOUG, resolución de non outorgar a aprobación definitiva do plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural de San Salvador dos Penedos do Concello de Allariz; e instou á elaboración dos documentos corrixidos precisos para emendar as deficiencias sinaladas no corpo desa orde e a elevalos novamente, logo dos trámites oportunos, a esta consellería para a súa aprobación definitiva.

2. En cumprimento da lexislación sectorial vixente solicitáronse e emitíronse os seguintes informes:

a) Decisión do 21-7-2009 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se